

ACTA DE CONSTITUCIÓN COMISIÓN VALORACIÓN E COMPROBACIÓN DE REQUISITOS MÍNIMOS

Sendo as 09:00 horas do día 21.07.2021, reúnen na Sala de Reunións da Casa do Concello as persoas designadas pola Resolución de Alcaldía núm. 2021-0862, do 19 de xullo, para a constitución da Comisión de selección encargada de valorar e vulgar o proceso de selección de 1 Administrativo/a (Equipo directivo do OBRADOIRO DE EMPREGO "A ESTRADA 2021"), segundo as Bases específicas aprobadas por Resolución de Alcaldía 2021-0811 de 06.07.2021.

Están presentes:

Sanmartín Prieto, Isabel	Presidente	Titular
Vázquez Pernas, Henrique	Vogal	Titular
Lueiro Lemos, Xosé	Vogal	Titular
Rodríguez Varela, Vanessa	Secretaria	Titular

Declárase debida e validamente constituída.

De seguido, tómase razón das persoas aspirantes remitidas pola Oficina de emprego mediante a oferta n.º 12-2021-6047:

- 1.- BESTEIRO ÁLVAREZ OLGA M.^a
- 2.- EIRAS MIGUÉNS, JORGE
- 3.- GARCIA REY, RAQUEL
- 4.- OTERO BRAVO, CARMEN
- 5.- REY ARCA, ANA BELÉN

A continuación procédese ao exame da documentación presentada polas persoas aspirantes para a comprobación dos requisitos mínimos esixidos nas bases da convocatoria, coa finalidade de aprobar as listas provisionais dos candidatos que pasan á fase de entrevista, co seguinte resultado:

1.- BESTEIRO ÁLVAREZ OLGA M.^a

- Non presenta a Solicitud seguindo o modelo esixido na cláusula oitava das bases do proceso de selección.

- Non acredita a experiencia profesional (nóminas ou contratos), tal e como se esixe nas Bases do proceso de selección.

2.- EIRAS MIGUÉNS, JORGE

Non consta presentación de solicitud no rexistro xeral do concello.

3.- GARCIA REY, RAQUEL

Cumple os requisitos mínimos esixidos



4.- OTERO BRAVO, CARMEN:

- Non acredita a experiencia profesional (nóminas ou contratos), tal e como se esixe nas Bases do proceso de selección.

5.- REY ARCA, ANA BELÉN

Non consta presentación de solicitude no rexistro xeral do concello.

Á vista de todo o anterior, a Comisión de selección Acorda,

1º.- Aprobar a listaxe provisional de admitidos/as e excluído/as, para o posto de Administrativo/a do Obradoiro de Emprego 2021 do seguinte xeito:

ADMITIDOS/AS

	APELIDOS, NOME	DNI	RESULTADO
1	GARCIA REY RAQUEL	***3770**	ADMITIDA

EXCLUIDOS

	APELIDOS, NOME	DNI	CAUSAS DE** EXCLUSIÓN
1	BESTEIRO ÁLVAREZ OLGA M.ª	***7133**	(1)- (2)
2	OTERO BRAVO, CARMEN	***8239**	(2)

Causas de exclusión:

(1) Non presenta a Solicitude seguindo o modelo esixido na cláusula oitava das bases do proceso de selección.

(2) Non acredita a experiencia profesional (nóminas ou contratos), tal e como se esixe nas Bases do proceso de selección.

2º.- Fixar o vindeiro venres día 23 de xullo de 2021 ás 12 horas na Sala de Xuntas do concello para formular e resolver as alegacións oportunas.

3º.- Fixar a data de publicación da lista definitiva de admitidos/as coa convocatoria á entrevista o vindeiro luns 26 de xullo de 2021.

Non sendo outro o obxecto desta xuntanza, remata ás 09:45 horas de igual data e lugar.

